

TEATRO DO NOROESTE chega as táboas de Narón cunha obra inédita, un texto de Nerea Brey que acadou o premio Abrente da Mit de Ribadavia que contará con dous pases esta fin de semana

Unha gran estrea no escenario do Pazo da Cultura con “Manual de Patronaxe”

EVA MAZÁS
FERROL

O Pazo da Cultura vístese de gala esta fin de semana e non é para menos. “Manual de patronaxe” aterra nesta pista naronesa, pero tamén a nivel xeral, posto que os dous pases que están programados –venres ás 20.30 horas e sábado ás 20.00– serán as dúas primeiras postas en escena que fará esta obra, un texto orixinal de Nerea Brey que poñen en vida Iolanda Muíños, Susana Sampedro e Raquel Espada.

A produtora artística da compañía Teatro do Noroeste, encargada de levar a cabo esta función, Eva Blanco, explica que a temática céntrase nalgo que “na sociedade de hoxe en día estamos a ter descoidado. Esta proposta é un pouco unha homenaxe aos nosos e ás nosas coidadoras, ás nosas avóas”, explica Blanco, que, ademais, incide en que esta era a vocación orixinal do texto de Brey e que “nós, ao levalo á escena, respetámolo completamente e incluso puxemos un pouco do noso”, avanza.

E aínda que non se pode desvelar todo, adianta que o público vai ter que descubrir “que parte é da autora e cal da compañía, onde hai ficción e onde non”, un reto que vai ser máis complexo do que pode asemellar, xa que as tres actrices que levan a cabo o espectáculo “entran no escenario sendo elas e, despois, van incorporando ás súas personaxes”.

O equipo atópase agora mesmo inmerso nas últimas pinceladas de cara a dar a coñecer esta dramaturxia despois dun longo tempo de ensaios, están xa listos para o municipio naronés. “Estamos agora instalándonos no Pazo da Cultura para facer os últimos pases xerais antes da gran estrea, facendo a residencia técnica e, como sempre, estamos encantados de poder estar aquí. Teatro do Noroeste ten moi boa percepción da localidade porque sempre que vimos estrear aquí resulta marabilloso”, explican



Parte do elenco que subirá ao escenario | CÉSAR SEIJAS

desde a agrupación, agradecendo non só o espazo que brindan as instalacións municipais, senón tamén o calor dun público que non defrauda.

E máis, deixando entrever o que pode esperar o patio de butacas, Blanco avanza que Muíños, Sampedro e Espada, ademais de ser “marabillosas profesionais”, van ser quen de “empatizar e conectar” con todos e todas aqueles que opten por achegarse ao Pazo durante esta fin de semana. Iso si, advirte de que, a pesar de que non farán falta panos para secar bágoas, a obra vai apelar “á emoción, ao goce e á risa. Sen dúbida vai tocar un pouco o corazónciño”.

“É posible que máis dun sinta a emoción a flor de pel porque ao final falamos dunha historia de vida”, explica produtora, xa que “Manual de Patronaxe” non só é unha homenaxe, como xa se mencionou, senón que é unha oda na que se volve, en certa forma, á infancia, “ao tempo que Brey pasou coa súa avóa mentres ela facía arranxos, porque era modista”.

A título personal, Blanco destaca “unha ollada moi feminista sobre as nosas referentes e coidadoras, que nos axudaron a ser as persoas que somos agora”. E como non podía ser doutra forma, son tres mulleres as que farán este recorrido vital. ●

O Día Internacional das Persoas con Discapacidade conmemorase hoxe na biblioteca de Narón

Redacción / Ferrol

Un ano máis, o Concello de Narón anuncia a súa adhesión á conmemoración do Día Internacional e Europeo das Persoas con Discapacidade que se celebra hoxe, 3 de decembro.

Con motivo desta data, terá lugar na biblioteca municipal “Somos iguais, somos diferentes”, unha actividade de sensibilización dirixida á infancia e ás familias organizada polas alumnas do Grao Superior de Integración Social que están de prácticas nas instalacións públicas.

“Trátase dunha iniciativa que combina contacontos, audiovisual e pequenos obra-doiros, deseñada para nenas e nenos a partir de 4 anos co obxectivo de fomentar o respecto, a empatía e a comprensión das capacidades diversas, ademais de promover a reflexión sobre os dereitos e o benestar das persoas con discapacidade”, explican desde o servizo.

Desde o Concello animan á veciñanza a sumarse a esta conmemoración, pero non só neste día, senón traballando

de forma colectiva, tal e como anunciou a edila responsable desta área, María Lorenzo, quen aseverou que o executivo municipal quere “unha Europa social e un Narón para todas as persoas”.

Respalando ao Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI), o goberno de TEGA mostrou o seu apoio ao manifesto publicado pola entidade, que ten como lema “40 anos de España na Unión Europea: sen o social, non hai Europa”.

O manifesto

Neste aspecto, Lorenzo salientou que esta declaración “é un xeito de reafirmar o compromiso de Narón cun modelo de sociedade que non deixa a ninguén atrás”, destacando, ademais, que os avances en materia de inclusión “son froito de décadas de loita do movemento da discapacidade, polo que a Administración local debe seguir sendo unha aliada activa para que os dereitos recoñecidos se traduzan en cambios reais na vida das persoas”. ●

» NADAL

A ACN instala buzóns para entregar as cartas de Papá Noel

A Asociación de Comerciantes de Narón (ACN) informou durante as pasadas xornadas que implementará caixas de correo para que os nenos e nenas da localidade poidan enviar as súas peticións a Papá Noel. Contarán con este servizo a praza da Gándara, a zona do Alto do Castiñeiro, Freixeiro, Santa Icíe e Xuvia. As cartas están disponibles en varios comercios de todo municipio.



Elementos da campaña de nadal | CEDIDA